

*MEMORIA DO ORZAMENTO DO CONCELLO DE SANTIAGO
EXERCICIO DE 2007*

1. INTRODUCCIÓN

O orzamento do Concello de Santiago de Compostela do exercicio de 2007 importa 114.885.943,31 euros en ingresos e 110.385.943,31 en gastos, cun superávit inicial de 4,5 millóns de euros.

Nos últimos anos o orzamento de Santiago de Compostela, en valores por habitante, supera con certa claridade aos das restantes cidades galegas. No exercicio 2007, e tendo en conta aos organismos autónomos municipais, os ingresos por habitante en Compostela aproxímanse aos 1250 euros.

En comparación interanual o orzamento municipal aumenta en algo máis de 15 millóns de euros, debido aos aumentos notables do conxunto dos ingresos e, sobre todo, ao crecemento dos ingresos derivados de aproveitamento urbanístico ou alleamento de parcelas, fruto da culminación dalgunhas operacións previstas no planeamento municipal.

Unha visión máis precisa obtense se utilizamos o orzamento consolidado, incluíndo tanto organismos autónomos como empresas municipais. As cifras de 2007 sitúanse en 173,1 millóns de euros, en ingresos, con case 20 millóns de euros adicionais sobre o exercicio previo. Este notable aumento é responsabilidade sobre todo do crecemento dos recursos propiamente municipais e da consolidación do volume de actuación dos organismos autónomos e empresas municipais. En EMUVISSA responde en boa medida ao traslado de actuacións previstas para o exercicio precedente ao ano 2007.

2. CARACTERÍSTICAS PRINCIPAIS DO ORZAMENTO MUNICIPAL

As principais características do mesmo son:

- Continúa a estratexia de saneamento financeiro que deseñou o Plan de Saneamento Financeiro 2004-2007.

Como nos anos precedentes, para cumprir o PSF precisamos obter un aforro corrente (diferencia entre ingresos e gastos correntes) que, sen ter en conta os ingresos correntes que financian gastos de investimento (cotas de urbanización e alleamento de parcelas) se sitúe no entorno dos 10,5 millóns de euros. Con ese aforro aténdense as amortizacións dos créditos xa subscritos e xerase un superávit orzamental de 4,5 millóns de euros. A capacidade de endébedamento destínase a financiar parte do programa de investimentos. Dado que non se eleva a presión fiscal sobre os cidadáns (hai, en todo caso, unha subida dos tributos en liña coa inflación producida e algunhas taxas relevantes non modifican a súa contía) as alzas nas previsións de ingresos, que son notables nalgúns partidas, dependen da evolución positiva do volumen de actuación –cando se trata de recursos de xeración autónoma- e dos compromisos de expansión das transferencias a corporacións locais tanto por parte da administración do estado como da autonómica.

- Faise unha aposta pola mellora dos servizos públicos e de atención aos cidadáns, procurando o equilibrio social e territorial.

A distribución dos gastos por funcións indica o peso da Producción de bens públicos de carácter social (un 35,87%), en lixeiro descenso sobre 2006, e da Protección e Promoción social, estabilizada (un 8,81%). Neste exercicio, consolidando e reforzando a tendencia, avanza sobre todo a función de Producción de bens públicos de carácter económico (21,07%), polo peso dos investimentos.

Neste ámbito, e entre os gastos de carácter obrigatorio que o concello presta, presenta unha mellora moi notable neste exercicio o servizo de mantemento e reposición do alumeadado público, ao que van destinados 960.000 euros. A resolución do expediente de contratación en marcha permitirá modernizar as condicións de atención a este servizo, completando o ciclo de modernización de servizos externalizados (recollida e tratamento de residuos, parques e xardíns, alumeadado público). Tamén vai funcionar plenamente o servizo de transporte urbano de viaxeiros: ademáis da concesión xeral á UTE TRAPSA-TRALUSA incorpóranse contratos sobre liñas concretas con outras empresas (HNOS.FERRÍN, TRANSPORTES MOSQUERA, AUCASA) para facer realidade un servizo integral aos cidadáns no termo municipal en igualdade de condicións, prevéndose ademáis a posibilidade de extensión deste modelo na zona de Lavacolla. A ampliación das partidas destinadas a Conserxes e Animadores para centros educativos e Socioculturais permitirá mellorar as condicións en que se prestan esos servizos en dous ámbitos de grande relevo social.

- As políticas de calidade urbana

- O Plan Xeral de Ordenación Municipal xa foi obxecto de aprobación final e remitido á Xunta de Galicia para a súa aprobación definitiva. Durante o exercicio 2007 prevemos os gastos necesarios para cerrar esta singular operación, que deseña a Compostela da vindeira década. Adicionalmente, completaranse os traballos do Plan Estratégico de Santiago de Compostela ao longo do primeiro trimestre de 2007, complementando a planificación urbana dun xeito consistente e ambicioso.
- A función de produción de infraestruturas absorbe máis de 20 millóns de euros, experimentando, outro ano máis, un incremento moi relevante, que, en boa medida, deriva do traslado ao exercicio 2007 de actuacións previstas en 2006 e que non poideron lanzarse polo retraso na obtención do financiamento específico para estes proxectos. Continuarán os esforzos dirixidos á reurbanización do conxunto do Ensanche (2,5 millóns de euros, cunha actuación moi destacada na Rúa Nova de Abaixo), pero terán partidas específicas o barrio de Fontiñas (1,7 millóns de euros) e os outros barrios e a zona rural (3,18 millóns de euros), deixando xá ao marxe as actuacións de EMUVISSA nos polígonos que lle ten encomendado a Xunta de Goberno Local. Un convenio coa Consellería de Medio Ambiente permitirán comezar un plan de actuación en saneamento de núcleos rurais cunha duración de tres anos.

1. OS INGRESOS

A comparación interanual do volume total de ingresos indica un aumento das previsións iniciais do orde de 15,3 millóns de euros. Desglosando por capítulos esta evolución:

- O Capítulo I, Impostos directos, aumenta nun 10,1%. Todos os impostos ven aumentar as súas previsións. No Imposto sobre Bens Inmóbiles (8,1%) as previsións ascenden de xeito máis marcado que en anos anteriores, reflectando a estabilización nos tipos impositivos (despois dunha redución continuada ao longo de tres exercicios), o deslizamento alcista dos valores catastrais, moi por tras da evolución dos valores de mercado dos inmobles, e, sobre todo, os efectos sobre o Padrón do imposto da intensa actividade constructiva dos últimos anos nos tipos residencial, industrial e comercial. En IVTM (8%) e IAE (8,4%) as previsións son tamén optimistas, pola continuidade do ciclo económico en ritmos de inusitada intensidade e a consolidación das boas perspectivas empresariais. Experimentan un nido ascenso as previsións do Imposto sobre o incremento do valor dos terreos, pola normalización das actuacións municipais na materia e a boa marcha das actuacións inspectoras, que xa tiveron un notable éxito no ano 2006.

- O Capítulo II, Impostos indirectos, aumenta un 30,85%. Este notable incremento deriva da certidume sobre a realización dalgunha operación de grande relevo (As Cancelas) e do proxectado reinicio das obras da Cidade da Cultura.
- O Capítulo III, Taxas e outros ingresos, aumenta un 6%. As cotas de urbanización evólúen de xeito moi marcado á alza (pasan de 7,5 a 10,7 millóns de euros. EMUVISSA será finalmente a maior destinataria de estos ingresos, que aplicará integramente a desenvolver polígonos de carácter residencial ou industrial) mentras que os ingresos por aproveitamento urbanístico se sitúan en 5,85 millóns de euros, compensándose ambos efectos. Unha boa parte dos ingresos que en 2006 aparecían recollidos neste concepto pasan agora a engrosar o capítulo VI (Alleamento de investimentos reais), que acada un importe de 9,26 millóns de euros, por consideracións de orde normativo. Se eliminamos tanto as cotas de urbanización como os ingresos por alleamento de parcelas e nos centramos nos ingresos correntes que financian gastos correntes, as previsións sufren cambios menos marcados. As Licencias Urbanísticas, despois da estabilización de 2006, aumentan un 15%, sometidas aos mesmos factores que os ingresos por ICIO; as previsións de ingresos por taxa de recollida e tratamento de RSU, aumentan en 0,2 millóns tan só, reflectindo a estabilización dos importes a pagar polos cidadáns; a taxa de ocupación de solo, subsolo e saintes experimenta un lixeirísimo incremento, ao igual que as Multas e Sancións; as previsións por recargo de prema e xuros de mora redúcense, debido ao menor volume que se pasa á recadación executiva.
- O Capítulo IV elévase un 6,95%, en 1,69 millóns de euros. A mellora das previsións de financiamento procedentes da Administración do Estado, con 1,4 millóns de euros adicionais (un 8,23%), súmase á previsión completa da subvención do transporte, unha vez eliminada a incertidume derivada das novas condicións de prestación do servizo urbano, e aos incrementos derivados do Fondo de Cooperación Local. O bon comportamento da economía española (e no seu seo a galega) facilita a sostida expansión dos fondos que as administracións autonómica e do estado poñen a disposición das corporación locais. Estimamos ademáis que a aportación do Estatuto da Capitalidade acadará os 3 millóns de euros. Este capítulo incorpora tamén outras transferencias relevantes: da Xunta de Galicia e a Deputación Provincial para o funcionamento ordinario do Parque de Bombeiros e da Xunta de Galicia para a área de servizos sociais.

- O capítulo V, Ingresos Patrimoniais, ascende a 0,39 millóns de euros.
- O capítulo VI, Alleamento de Investimentos reais, aparece por vez primeira nos últimos anos, cun importe de 9,26 millóns de euros, de acordo co desglose do anexo correspondente. Estos fondos, sometidos a unha regulación específica, financian actuacións de investimento, de acordo co anexo de investimentos e cadro de financiamento.
- No capítulo VII, Transferencias de capital, recollen tan só dúas actuacións: a aportación da Deputación Provincial para o Plan de Obras e Servizos habitual e unha aportación da Comunidade Autónoma para a ETAP do Tambre.
- Por último, no capítulo IX, Variación de pasivos financeiros, inclúese a previsión dun crédito de 7 millóns de euros para acometer novos investimentos, no marco do Plan de Saneamento Financeiro.

2. OS GASTOS

No capítulo I, Gastos de Persoal, a previsión de incremento é o 7,48%, acadando os 28,83 millóns de euros. Inclúe o conxunto das retribucións do Persoal Funcionario e Laboral e dos membros da Corporación, así como os gastos de Seguridade Social e asistencia médico-farmacéutica dos funcionarios non integrados na Seguridade Social, así como os fondos de acción social e formación. O aumento presupostado é o previsto na lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2005 (2%, máis a consolidación do complemento de destino nas pagas extraordinarias, máis un fondo adicional do 1% da masa salarial para permitir a funcionarios e laborais a progresiva incorporación do complemento específico nas pagas extraordinarias. O elevado complemento específico, en termos relativos con outras administracións, obrigará a un esforzo adicional, que tamén se orzamenta, e queda a súa aplicación concreta pendente da negociación cos representantes dos traballadores, para conseguir esa plena incorporación do específico nas pagas extraordinarias no prazo de tres anos.

Os cambios máis destacados son os seguintes:

1. No Cadro de Persoal. A Lei de Orzamentos mantén a obriga de limitarse á plena reposición de efectivos, deixando en todo caso á marxe a Policías Municipais e Bombeiros. No noso concello esta esixente norma limita as novas prazas a só seis, unha vez provisionadas as vacantes de policía locais e bombeiros, que se utilizan para:

- Unha praza de Técnico de Administración Xeral (grupo A), que está cuberta interinamente no departamento de persoal.
 - Unha praza de Técnico de Administración Xeral (grupo A), no departamento de urbanismo.
 - Unha praza de Técnico de Administración Especial (grupo A), para a área social, coa intención de dotar a esta área de maiores niveis de cualificación e responsabilidade funcional.
 - Unha praza de Técnico de Administración Especial (grupo A), para a xefatura do servizo de rehabilitación do casco histórico.
 - Unha praza de Técnico de Administración Xeral (grupo A), no departamento de educación.
 - Cubrir unha vacante na Banda de Música (grupo B) –adicionalmente, unha praza cuberta interinamente por excedencia sería tamén provista ao longo de 2007-.
2. Destínanse tamén recursos para promocións internas, cumprimento de sentencias e outras modificacións con contido orzamentario, de acordo coa proposta da Concelleira de Persoal e Réxime interior.
 3. Amplíase a partida para contratacións laborais temporais, en parte financiados con programas específicos doutras administracións, para atender necesidades urxentes.
 4. Axústanse as previsións para horas extraordinarias, formación, fondo de acción social así como as cantidades destinadas ao complemento de produtividade, para facer efectivos os acordos adoptados coa Xunta de Persoal e o Comité de Empresa.

O Capítulo II, Gastos en bens correntes e servizos, experimenta un incremento dun 5,76%, que se desglosa en:

1. No artigo 20 hai un lixeiro incremento, derivado dos arrendamentos da administración xeral.
2. No artigo 21 prodúcese un incremento do 6,31%, para reforzar a capacidade de manter en boas condicións as nosas instalacións e maquinarias.
3. No artigo 22 o incremento é menor (un 5,75%) e depende de:
 - A estabilización das partidas destinadas a Material de Oficina, fruto da redución do gasto por un novo sistema de xestión.
 - Aumentan un 10%, con carácter xeral, os créditos do concepto 226, que engloban as actividades municipais.
 - Aténdense os contratos vixentes, procurando reflectir no orzamento as melloras de xestión que teñan lugar. Amplíanse as previsións para servizos sociais (axuda a domicilio), conservación e mantemento do alumeadado, escolas infantís (pola incorporación da Escola de

Fontiñas), conserxes e animadores de centros socioculturais, deportes e educación.

4. No artigo 23 non hai ningunha variación.

O Capítulo III, Xuros, incrementase un 32%, até os 3,58 millóns de euros, despois das reducións dos últimos anos: os tipos de interés nominais veñen experimentando un sostido ascenso que continuará nos vindeiros meses, ao que compriría sumar o efecto, moito menor, da lixeiro incremento da débeda viva. Os intereses de particulares manteñen o nivel do exercicio 2006.

O Capítulo IV, Transferencias Correntes, experimenta un ascenso do 23%, até os 8,4 millóns de euros, debido á evolución das transferencias correntes a empresas privadas, nomeadamente no sector do transporte, así como a familias e institucións sen fins de lucro (na área de servizos sociais e deportes). En Deportes superan as cantidades previstas para actividade deportiva de base (0,4 millóns de euros) ás dos clubs profesionais (0,379 millóns). As transferencias ao Auditorio de Galicia e INCOLSA experimentan un forte ascenso.

O Capítulo VI, Investimentos Reais, sitúase en 30,58 millóns de euros. O notable aumento no volume de investimentos en relación co ano precedente débese en parte á incorporación de proxectos previstos no ano 2006 que non acadaron en prazo o seu financiamento e tamén á positiva evolución dos gastos de EMUVISSA en proxectos de urbanización financiados con cotas. O detalle do Capítulo está recollido no Plan de Investimentos adxunto, no que se detalla tamén o financiamento de cada un dos proxectos.

Os programas de dotación de novas infraestruturas urbanas superan os 22 millóns de euros. Destacan

- A urbanización dos polígonos de vivenda que xestionará EMUVISSA (10,7 millóns de euros)
- A contribución municipal para os programas de dotación de saneamento, abastecemento e distribución de agua (2,1 millóns de euros).
- O Plan de Acción Municipal (8,4 millóns de euros, incluíndo os Plans Provincias). Para as actuacións no barrio de Fontiñas destínanse 1,7 millóns de euros; no Ensanche 2,5 millóns de euros; nos outros barrios e no rural algo máis de 4 millóns.

O programa de Edificios de uso público acada os 4,8 millóns de euros, debendo destacarse

- Un esforzo relevante en centros de ensino, con 1 millón de euros.
- O remate da rehabilitación dun edificio anexo ao Centro Santiago Apóstolo.
- O remate do proxecto do Centro de Interpretación Ambiental, rehabilitando a curtidoría existente no extremo do Parque de Belvís.
- O remate e o equipamento da Casa do Asociacionismo, en Cornes.

- O remate do CERSIAE.
- O esforzo en materia deportiva, con 1 millón de euros, que permita afrontar a construción dun pabellón en Labacolla, así como en Fontiñas e reformar algúns dos existentes.
- As importantes reformas en Centros Socio-Culturais, con 0,4 millóns de euros.
- O financiamento dunha actuación nos Mercados, con 0,25 millóns de euros

Por último, o programa de investimentos en modernización municipal inclúe a dotación de mobiliario para novas oficinas, de vehículos e maquinaria (nomeadamente na área de seguridade cidadán), de sinalización horizontal e vertical, de renovación cartográfica, de equipamento informático e actuacións de renovación de programas.

O Capítulo VII, Transferencias de Capital, sitúase en 2,8 millóns de euros, incluíndo a aportación ao Consorcio da Cidade de Santiago, con 1,65 millóns de euros, e a habitual aportación a INCOLSA para desenvolver un programa de competitividade turística (0,55 millóns de euros) e dúas actuacións en materia de abastecemento de agua e saneamento que desenvolverá a Comunidade Autónoma. Destaca tamén a aportación ao Consorcio do Parque Tecnolóxico, con 0,15 millóns de euros.

O Capítulo VIII, Variación de Activos financeiros, auméntase en 0,272 millóns de euros, que permitirá reforzar o capital social de EMUVISSA .

Por fin, o capítulo IX, Variación de Pasivos financeiros, importa 5,99 millóns de euros para a amortización das operacións de endébedamento a longo prazo existentes así como a devolución do crédito solicitado paa facer fronte aos efectos dos lumes de agosto, por importe de 0,6 millóns de euros.

18 de decembro de 2006

O Concelleiro Delegado de Facenda e Orzamentos

ORZAMENTO 2007

GASTOS E INGRESOS POR CAPITULO. COMPARACION 2007-2006-2005

GASTOS	CREDITOS INICIAIS			CAMBIOS		ESTRUCTURA		
	2005	2006	2007	2005 A 2006	2006 A 2007	2005	2006	2007
CAPITULO I	25.567.679	26.830.262,88	28.838.379,57	4,94	7,48	29,85	28,23	26,13
CAPITULO II	26.375.204	28.145.639,25	29.766.429,58	6,71	5,76	30,80	29,62	26,97
CAPITULO III	2.985.000	2.700.000,00	3.580.074,47	-9,55	32,60	3,49	2,84	3,24
CAPITULO IV	6.325.762	6.850.785,96	8.426.901,91	8,30	23,01	7,39	7,21	7,63
OPERACIONES CORRENTES	61.253.643,87	64.526.688,09	70.611.785,53	5,34	9,43	71,52	67,90	63,97
CAPITULO VI	16.461.273,46	23.712.917,76	30.588.527,34	44,05	29,00	19,22	24,95	27,71
CAPITULO VII	3.531.309,11	1.998.324,29	2.807.006,89	-43,41	40,47	4,12	2,10	2,54
CAPITULO VIII	130.000,00	100.000,00	382.000,00	-23,08	282,00	0,15	0,11	0,35
CAPITULO IX	4.270.000,00	4.700.000,00	5.996.623,55	10,07	27,59	4,99	4,95	5,43
OPERACIONES CAPITAL	24.392.582,57	30.511.242,05	39.774.157,78	25,08	30,36	28,48	32,10	36,03
TOTAL	85.646.226,44	95.037.930,14	110.385.943,31	10,97	16,15	100,00	100,00	100,00


INGRESOS

INGRESOS	PREVISIONS INICIAIS			CAMBIOS		ESTRUCTURA		
	2005	2006	2007	2005 A 2006	2006 A 2007	2005	2006	2007
CAPITULO I	27.165.000	28.240.000,00	31.095.000,00	3,96	10,11	31,72	29,71	28,17
CAPITULO II	3.535.000	3.630.000,00	4.750.000,00	2,69	30,85	4,13	3,82	4,30
CAPITULO III	25.501.002	31.336.208,09	33.220.475,75	22,88	6,01	29,77	32,97	30,09
CAPITULO IV	24.442.797	26.140.476,47	28.422.328,09	6,95	8,73	28,54	27,51	25,75
CAPITULO V	454.000	581.000,00	390.000,00	27,97	-32,87	0,53	0,61	0,35
OPERACIONES CORRENTES	81.097.798,88	89.927.684,56	97.877.803,84	10,89	8,84	94,69	94,62	88,67
CAPITULO VI			9.263.406,40					
CAPITULO VII	948.427,56	2.510.245,58	634.733,07	164,67	-74,71	1,11	2,64	8,39
CAPITULO VIII	100.000,00	100.000,00	110.000,00	0,00	10,00	0,12	0,11	0,58
CAPITULO IX	8.000.000,00	7.000.000,00	7.000.000,00	-12,50	0,00	9,34	7,37	0,10
OPERACIONES CAPITAL	9.048.427,56	9.610.245,58	17.008.139,47	6,21	76,98	10,56	10,11	15,41
TOTAL	90.146.226,44	99.537.930,14	114.885.943,31	10,42	15,42	105,25	104,73	104,08

FUNCIÓN			
GRUPOS DE FUNCIÓN	DENOMINACIÓN	EUROS	
1	Servicios de carácter xeral	14.071.661,20	12,75
2	Protección civil e seguridade cidadá	8.434.841,12	7,64
3	Seguridade, protección e promoción social	9.725.011,56	8,81
4	Producción de bens públicos de carácter social	39.047.868,02	35,37
5	Producción de bens de carácter económico	23.259.152,39	21,07
6	Regulación económica de carácter xeral	2.566.304,08	2,32
7	Regulación económica de sectores productivos	1.861.623,63	1,69
9	Transferencias Admons. Públicas	1.842.783,29	1,67
0	Débeda pública	9.576.698,02	8,68
TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS EUR			
		110.385.943,31	

ORZAMENTO 2006

GASTOS GRUPO DE FUNCION



**ORZAMENTO CONCELLO DE SANTIAGO 2007
ANEXO DE INVESTIMENTOS E TRANSFERENCIAS
DE CAPITAL E CADRO DE FINANCIACION**

PARTIDA	PLAN DE INVESTIMENTOS	DESCRIPCION PROXECTO	IMPORTE	IMPORTE PARCIAL
12100,62200	ADMINISTRACION XERAL. INVERSION NOVOS EDIFICIOS		775.000,00	
12100,63200	ADMINISTRACION XERAL. INVERSION REPOSICION EDIFICIOS		375.000,00	
12100,62300	ADMINISTRACION XERAL.MAQUINARIA, INSTALACIONES E UTILLAXE		150.000,00	
12100,62400	ADMINISTRACION XERAL. VEHICULOS		100.000,00	
12100,62500	ADMINISTRACION XERAL. MOBILIARIO		70.000,00	
12101,62600	INFORMATICA. INVERSIONS EQUIPAMENTO		600.000,00	
22201,62300	TRAFICO E SINALIZACION. INVESTIMENTOS		250.000,00	
32200,62200	EMPREGO.INVERSIONS CONSTRUCCION CERSIAE		375.000,00	
32200,62300	EMPREGO.EQUIPAMENTO EDIFICIOS. MAQUINARIA		20.000,00	
32200,62500	EMPREGO.EQUIPAMENTO EDIFICIOS. MOBILIARIO		60.000,00	
32200,62600	EMPREGO.EQUIPAMENTO EDIFICIOS. INFORMATICA		20.000,00	
41300,62200	SANIDADE. INVERSION CANCEIRA		60.000,00	
42200,62300	EDUCACION. EQUIPAMENTO EDIFICIOS.MAQUINARIA		50.000,00	
42200,62500	EDUCACION. EQUIPAMENTO EDIFICIOS.MOBILIARIO		150.000,00	
42200,62600	EDUCACION. EQUIPAMENTO EDIFICIOS.INFORMATICA		50.000,00	
42200,63200	EDUCACION. INVERSIONS REPOSICION		750.000,00	
43200,60000	URBANISMO.EXPROPIACION TERREOS		900.000,00	
43200,64001	URBANISMO. HONORARIOS PROXECTOS		612.689,18	
		PROXECTOS EQ.MUNICIPAIS		100.000,00
		PXOU		112.689,18
		OUTROS INVESTIMENTOS PROXECTOS		
		URBANIZACION		300.000,00
		CARTOGRAFIA		100.000,00
43201,60100	PARQUES E XARDINS. INVERSIONS		600.000,00	
43400,60100	ALUMEADO. INVERSIONS		300.000,00	
44100,62700	SANEAMENTO, ABASTECIMIENTO E DISTRIBUCION DE AUGA		2.133.022,17	
44200,62300	MEDIO AMBIENTE. CONTENEDORES		7.800,00	
45100,63200	CULTURA. INVERSION REPOSICION BONAVAL		50.000,00	
45101,62300	BANDA MUSICA. MATERIAL		15.000,00	
45103,62200	CENTROS SOCIO-CULTURALS. INVERSIONS NOVOS EDIFICIOS		400.000,00	
45200,62200	INSTALACIONES DEPORTIVAS		723.858,94	

45200,63200	INSTALACIONES DEPORTIVAS. INVERSION REPOSICION		300.000,00
45300,60100	CASCO HISTORICO. OBRAS DE INVERSION	ARI	300.000,00
		ACONDICIONAMIENTO ESPAZOS PUBLICOS	200.000,00
			100.000,00
45300,64000	CASCO HISTORICO.INTERVENCIONS NO CASTELO DA ROCHA		104.000,00
46302,62200	RELACIONS VECIÑAIS. CASA DO ASOCIACIONISMO		250.000,00
46302,62300	RELACIONS VECIÑAIS.MAQUINARIA, INSTALACIONES E UTILLAXE		30.000,00
46302,62500	RELACIONS VECIÑAIS. CASA DO ASOCIACIONISMO. MOBILIARIO		100.000,00
51100,60100	INFRAESTRUCTURAS. OBRAS DE INVERSION		19.582.157,05
		OBRAS INEM	200.000,00
		URBANIZACION BARRIOS E RURAL	3.186.203,78
		URBANIZACION ENSANCHE	2.516.106,06
		URBANIZACION FONTIÑAS	1.700.000,00
		PLANS PROVINCIAIS DEPUTACION	661.644,31
		ACONDICIONAMENTO ZONA XOGOS INFANTIS	150.000,00
		URBANIZACIÓN-EMUVISSA	10.738.202,90
		MOBILIARIO URBANO	250.000,00
		PLACAS	50.000,00
		CENTRO INTERPRETACION URBANA	130.000,00
62200,63200	MERCADOS. INVERSION REPOSICION		250.000,00
72100,62300	PROMOCION ECONOMICA. MAQUINARIA, INSTALACIONES E UTILLAXE		75.000,00
TOTAL CAP. VI			30.588.527,34
44100,75000	ETAP DO TAMBRE		138.734,50
44100,75400	TRANSFERENCIA Á EMPRESA PUBLICA DE OBRAS E SERVIZOS HIDRAULICOS		315.489,10
75100,74000	PLAN COMPETITIVIDADE TURÍSTICA		550.000,00
91100,76700	APORTACION A CONSORCIOS		1.802.783,29
		APORTACION AO CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO	1.652.783,29
		APORTACION AO CONSORCIO DO PARQUE TECNOLOXICO	150.000,00
TOTAL CAP. VII			2.807.006,89
43200,85200	AMPLIACION CAPITAL EMUVISSA		272.000,00
TOTAL CAP. VIII			272.000,00
TOTAL			33.667.534,23

ORZAMENTO XERAL CONCELLO DE
SANTIAGO 2007
CONSOLIDACION ORZAMENTARIA

INGRESOS						
CAPITULO	CONCELLO	AUDITORIO	INCOLSA	TUSSA	EMUVISSA	TOTAL INGRESOS
1	31.095.000,00					31.949.482,70
2	4.750.000,00					7.405.582,62
3	33.220.475,75	213.425,69	344.120,57	1.410.905,67	2.265.731,41	37.262.233,40
4	28.422.328,09	947.247,67	787.000,00	98.072,00	380.000,00	30.634.647,76
5	390.000,00	326.839,96		8.500,00		725.339,96
TOTAL OPER. CORRENTES	97.877.803,84	1.487.513,32	1.131.120,57	1.517.477,67	2.645.731,41	104.659.646,81
6	9.263.406,40				49.872.876,24	59.151.282,64
7	634.733,07		1.562.595,20			2.197.328,27
8	110.000,00	10.000,00			0,00	120.000,00
9	7.000.000,00					7.000.000,00
TOTAL OPER. CAPITAL	17.008.139,47	10.000,00	1.562.595,20	0,00	49.872.876,24	68.453.610,91
TOTAL ORZAMENTO	114.885.943,31	1.497.513,32	2.693.715,77	1.517.477,67	52.518.607,65	173.113.257,72

GASTOS						
CAPITULO	CONCELLO	AUDITORIO	INCOLSA	TUSSA	EMUVISSA	TOTAL GASTOS
1	28.838.379,57	854.482,70	534.471,92	668.042,72	505.873,40	31.401.250,31
2	29.750.449,58	2.655.582,62	1.020.700,00	668.014,95	12.654.573,82	46.749.320,97
3	3.580.074,47	21.000,00	50.498,96	20.000,00		3.671.573,43
4	5.878.349,91					5.878.349,91
5						0,00
TOTAL OPER. CORRENTES	68.047.253,53	3.531.065,32	1.605.670,88	1.356.057,67	13.160.447,22	87.700.494,62
6	23.510.961,84	15.000,00	2.138.044,89	177.400,00	46.707.725,93	72.549.132,66
7	2.257.006,89					2.257.006,89
8	110.000,00					110.000,00
9	5.996.623,55					5.996.623,55
TOTAL OPER. CAPITAL	31.874.592,28	15.000,00	2.138.044,89	177.400,00	46.707.725,93	80.912.763,10
TOTAL ORZAMENTO	99.921.845,81	3.546.065,32	3.743.715,77	1.533.457,67	59.868.173,15	168.613.257,72